



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZADA XUNTA DE GALICIA, A TRAVES DA SECRETARIA XERAL DA IGUALDE. **CONVOCAN:**

**Estadías de tempo libre para mulleres soas
con responsabilidades familiares non compartidas.
Ano 2012.**

Finalidade: Facilitarles ás mulleres con fillos/as menores, exclusivamente ao seu cargo, un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer.

Duración da estadía: as estadías serán de entre sete e dez días en réxime de pensión completa, preferentemente entre finais de xuño e principios de xullo.

Requisitos:

- Ter fillas/os a cargo con idades comprendidas entre os 2 e 12 anos (ambos inclusive).
- Estar domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a renda per cápita da unidade familiar non supere o salario mínimo interprofesional (SMI).
- Non padecer ela, nin as fillas/os que a acompañen, enfermidade que requira illamento e/ou que impida a normal convivencia.

Documentación: Solicitude segundo o modelo oficial xunto con:

- Copia cotexada do libro de familia.
- Sentenza xudicial de custodia ou documento que acredite que os/as fillos/as están exclusivamente ao seu cargo.
- Certificado que acredite unha situación de violencia de xénero nos últimos tres anos.
- Declaración responsable da situación económica da solicitante (xunto cos xustificantes dos ingresos).
- Copia cotexada da tarxeta de demandante de emprego, se é o caso.
- Informe médico, no que conste que non padecen ningunha enfermidade que requira illamento e/ou impida a normal convivencia.
- Documentación acreditativa das situacións de especial necesidade do organismo que corresponda.

Prazo: ata o 15 de Maio de 2012.

Para máis información diríxanse ós Servizos Sociais ou chamando ó telef.: 981-737004.

A concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e saúde.

M^a Carmen Linares Chica.

Este documento ten exclusivamente carácter divulgativo sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante.